

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

*ORDE do 25 de marzo de 2022 pola que se convoca concurso de méritos para a selección e o nomeamento da dirección dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modifica os artigos 134 e 135 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, relativos á selección da dirección dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas nesta lei, os requisitos para ser persoas candidatas á dirección e o procedemento de selección. No artigo 134.1.c) establécese que as administracións educativas poderán considerar como requisito a formación a que se refire o número 6 do artigo 135, opción que se recolle na presente orde.

No artigo 133 establécese que a selección e nomeamento das direccións nos centros públicos se efectuará mediante concurso de méritos entre persoal docente de carreira que imparta algunha das ensinanzas encomendadas ao centro e que se realizará de conformidade cos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.

Procede convocar concurso de méritos para seleccionar as direccións dos centros que rematan o seu mandato no actual curso académico 2021/22 e non solicitaron a correspondente prórroga e aquelas direccións que rematan o seu mandato de carácter extraordinario ou accidental.

Na súa virtude, esta Consellería de Cultura, Educación e Universidade

ACORDA:

Artigo 1. *Convocatoria*

Convócase concurso de méritos para seleccionar e nomear as direccións dos centros docentes públicos onde se imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que se relacionan no anexo I desta orde.

A selección realizarase de conformidade cos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.



**Artigo 2. Requisitos para ser persoa candidata á dirección**

2.1. Para participar neste concurso de méritos para ser nomeada directora ou director dun centro docente público dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade deberán reunirse os seguintes requisitos:

a) Ser persoal funcionario de carreira dun corpo docente a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, incluído o corpo a extinguir de profesores técnicos de formación profesional.

b) Ter unha antigüidade de, polo menos, cinco anos como persoal funcionario na función pública docente con nomeamento nun dos corpos a que se fai referencia na subepígrafe anterior.

c) Ter exercido funcións docentes como persoal funcionario, durante un período de, polo menos, cinco anos, nalgunha das ensinanzas das que ofrece o centro a que se opta. Para estes efectos, considéranse as mesmas ensinanzas a educación infantil e a educación primaria.

d) Estar prestando servizos nun centro educativo dependente da consellería de Cultura, Educación e Universidade e depender organicamente desta. Tamén poderán presentarse aquelas persoas en situación de servizos especiais, excedencia por coidado de familiares ou en excedencia voluntaria, sempre que se estivese nunha destas situacións por resolución da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e en 1 de xullo de 2022 se reúnan os requisitos para reingresar no servizo activo.

e) Posuír unha certificación acreditativa de ter superado un curso de formación sobre competencias para o desenvolvemento da función directiva impartido pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, polo Ministerio de Educación e Formación Profesional ou polas Administracións educativas das restantes comunidades autónomas, con validez en todo o territorio nacional.

Será, así mesmo, válida a superación dos cursos organizados por persoas físicas ou xurídicas determinadas por unha Administración educativa, sempre que conste expresamente que foron autorizados para os efectos establecidos no artigo 135.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.



Estarán exentas de acreditar a superación deste programa de formación sobre o desenvolvemento da función directiva as persoas que acrediten unha experiencia de, polo menos, catro anos no exercicio da dirección de centros docentes públicos con avaliación positiva do seu traballo.

f) Presentar un proxecto de dirección nos termos previstos no artigo seguinte.

2.2. Para participar no concurso de méritos para ser nomeada/o directora ou director dun centro público específico de educación infantil, dun centro incompleto de educación primaria, nos centros de educación secundaria con menos de oito unidades, nos centros en que se imparten ensinanzas artísticas profesionais, deportivas, de idiomas ou nos centros específicos de adultos con menos de oito profesores, non se exixirán os requisitos establecidos nas letras b), c) e e) do punto 1 desta epígrafe.

2.3. Todos os requisitos enumerados anteriormente, deberán posuírse e ser acreditados na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

2.4. O persoal funcionario de carreira do corpo de mestres que preste servizo nos centros que imparten ensino secundario obrigatorio poderá optar á dirección dos centros docentes en que se imparte o dito nivel educativo sempre que cumpra os requisitos sinalados nos puntos anteriores.

Así mesmo, de conformidade co establecido no punto 2 da disposición adicional cuarta do Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro, poderá presentarse o persoal docente do corpo de mestres das especialidades de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe que desempeñase funcións de atención á diversidade na educación secundaria durante, polo menos, cinco anos, e reúna os restantes requisitos sinalados nos puntos anteriores.

### Artigo 3. *Solicitudes e documentación*

3.1. A solicitude de participación no concurso de méritos dirixirase á xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da provincia correspondente, e poderase imprimir e descargar unha vez formalizados os datos de participación no concurso a través do enderezo web [www.edu.xunta.gal/cxt](http://www.edu.xunta.gal/cxt) (anexo III).



Cómpre sinalar que para acceder a este servizo web é preciso dispor dun certificado electrónico, Chave365 ou conta de correo electrónico no dominio edu.xunta.gal. Aquelas persoas que decidan acceder ao enderezo web coa conta de correo electrónico e non dispoñan dela poderán solicitala a través da páxina web <https://www.edu.xunta.gal/contausuario>

Xunto coa solicitude achegarase, ademais:

a) Documentación acreditativa dos méritos académicos e profesionais alegados en relación co baremo que se publica como anexo II a esta orde, agás aqueles que xa consten na base de datos de persoal.

b) Documentación acreditativa de ter superado o curso de formación ou o curso de actualización sobre o desenvolvemento da función directiva, agás que xa conste na base de datos de persoal.

c) O proxecto de dirección que inclúa, polo menos, os obxectivos, as liñas de actuación e a avaliación deste. O proxecto de dirección deberá estar orientado a lograr o éxito escolar de todo o alumnado e deberá incluír, entre outros, contidos en materia de igualdade entre mulleres e homes, non discriminación e prevención da violencia de xénero. De solicitarse máis dun centro deberá presentarse un proxecto específico de dirección para cada centro.

O proxecto de dirección non excederá os 30 folios DIN A4, nun tipo de letra Times New Roman, tamaño de letra 12, espazo entre liñas 1,5.

3.2. Efectuárase unha solicitude por cada centro que se demande ata un máximo de dúas.

3.3. Así mesmo, o persoal participante no concurso de méritos remitirá ao centro ou centros docentes que soliciten unha copia do seu proxecto de dirección. Este proxecto estará á disposición das persoas membros do claustro de profesores e do consello escolar na secretaría do centro durante un período mínimo de 10 días lectivos, no horario que estableza a dirección do centro.

No taboleiro de anuncios da sala de profesorado exporase unha relación das candidaturas presentadas, así como o prazo e o horario en que poderán verse os proxectos de dirección na secretaría.



3.4. A solicitude, xunto coa documentación á que se alude no punto anterior, poderase presentar no Rexistro da Xunta de Galicia ou das súas delegacións territoriais, ou en calquera das dependencias a que alude o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que se opte por presentar a súa solicitude ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto, para que a solicitude sexa datada e selada polo persoal de Correos antes de ser certificada.

3.5. As persoas aspirantes serán responsables da veracidade da documentación achegada e, conforme se indica no formulario da solicitude, declararán que esa documentación é copia fiel dos orixinais que figuran no seu poder, sen prexuízo da posibilidade por parte da Administración de requiririlles en calquera momento a documentación orixinal. No caso de inexactitude, falsidade ou omisión en calquera dato ou documento achegado, isto comportará a perda do dereito á participación neste proceso, con independencia das responsabilidades que procedan, conforme dispón o artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3.6. Unicamente se terán en conta aqueles méritos debidamente xustificados dentro do prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo do establecido no artigo 4.2 desta orde.

Os méritos achegados para a súa valoración deberán posuírse na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

#### Artigo 4. *Prazo de presentación de solicitudes e emenda*

4.1. O prazo de presentación de solicitudes e documentación será de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

4.2. Agás a presentación do proxecto de dirección, se a restante documentación achegada non reúne os requisitos exixidos na presente orde, a Comisión de Selección requirirá a persoa interesada para que emende a falta ou xunte os documentos preceptivos no prazo de 10 días hábiles desde a súa notificación e coa indicación de que, se así non o fixer, non lle serán tidos en conta ou, de ser o caso, realizárase a declaración de desistencia.



**Artigo 5. Comisión de Selección**

5.1. En cada centro educativo constituirase unha Comisión de Selección, nomeada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que terá como sede a localidade e local que decida a súa presidencia e que terá a seguinte composición:

a) Unha persoa pertencente ao corpo de Inspección educativa, designada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que exercerá a presidencia da Comisión.

b) Unha persoa pertencente ao corpo de Inspección educativa, designada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

c) Unha persoa que exerza a dirección nun centro que imparta as mesmas ensinanzas que aquel en que se desenvolve o procedemento de selección, con un ou máis períodos de exercicio con avaliación positiva do traballo desenvolvido, designada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

d) Tres persoas integrantes do profesorado do centro elixidas polo claustro de profesores. No caso de producirse empate no número de votos, repetirase unha vez a votación e, de persistir o empate, dirimirase por sorteo.

e) Tres persoas representantes do consello escolar, elixidas por e entre o persoal do consello escolar que non sexa persoal docente. No caso de producirse empate no número de votos, repetirase unha vez a votación e, de persistir o empate, dirimirase por sorteo.

5.2. Exercerá a Secretaría da Comisión a persoa representante do claustro de profesores con menor antigüidade como persoal funcionario de carreira e, no caso de empate, a persoa máis nova.

5.3. A representación do consello escolar do centro non poderá recaer no alumnado que estea matriculado nun curso inferior a terceiro de educación secundaria obrigatoria.

5.4. En ningún caso, as persoas candidatas á dirección poderán formar parte da Comisión de Selección.



5.5. Designaranse persoas suplentes das persoas membros da Comisión de Selección en cada un dos ámbitos de representación, que actuarán en substitución das persoas titulares cando exista causa xustificada que impida a actuación destas.

5.6. Ás persoas membros da Comisión de Selección seranlles de aplicación as normas sobre abstención e recusación previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

5.7. A dirección do centro comunicará para o seu nomeamento as persoas representantes do claustro e do consello escolar na Comisión de Selección á xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no prazo dos cinco días hábiles seguintes ao de remate do prazo de solicitudes establecido no artigo catro desta orde, sen que se teñan en consideración posibles ampliacións deste.

5.8. A non elección das persoas representantes do claustro de profesores ou do consello escolar non impedirá a constitución e o normal funcionamento da Comisión de Selección.

5.9. A composición da Comisión de Selección publicarase no taboleiro de anuncios do centro.

#### Artigo 6. *Composición da Comisión de Selección en determinados supostos*

Cando o número de profesorado do centro sexa inferior a catro ou o número de candidaturas á dirección non lle permita ao claustro elixir tres membros de entre o profesorado, a composición da Comisión de Selección será a seguinte:

a) Unha persoa pertencente ao corpo de Inspección educativa designada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que exercerá a presidencia.

b) Unha persoa que exerza a dirección nun centro que imparta as mesmas ensinanzas que aquel en que se desenvolve o procedemento de selección, con un ou máis períodos de exercicio con avaliación positiva do traballo desenvolvido, designada pola persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de educación.

c) Dúas persoas integrantes do profesorado do centro elixidas polo claustro do profesorado.



d) Dúas persoas en representación do consello escolar, elixidas por e entre o persoal do consello escolar que non sexa persoal docente.

*Artigo 7. Funcións da Comisión de Selección e procedemento de funcionamento*

7.1. Recibidas as solicitudes dirixidas á xefatura territorial, a Comisión de Selección comprobará que o persoal aspirante reúne os requisitos establecidos nesta orde e notificaralle ao persoal aspirante a admisión ou rexeitamento da súa petición.

7.2. Contra o rexeitamento da solicitude, o persoal aspirante poderá presentar reclamación perante a propia comisión seleccionadora, no prazo de cinco días hábiles contados desde o día seguinte ao da notificación do rexeitamento da solicitude.

7.3. A Comisión de Selección valorará os méritos académicos e profesionais de cada persoa aspirante, de acordo co baremo que se publica como anexo II desta orde.

7.4. A Comisión de Selección valorará, así mesmo, os proxectos de dirección, de acordo co establecido no baremo que se publica no anexo II desta orde, e poderá ter unha entrevista co profesorado que presentou candidatura se considera necesario clarificar algúns aspectos do proxecto de dirección. Cando a Comisión de Selección decida a realización desta entrevista, deberá efectualala a todas e cada unha das persoas candidatas.

7.5. A cualificación do proxecto de dirección será a media aritmética das cualificacións de todas as persoas membros presentes da Comisión, que deberán deixar constancia por escrito da cualificación outorgada. Cando entre as puntuacións outorgadas polas persoas membros da Comisión exista unha diferenza de tres ou máis enteiros, serán automaticamente excluídas as cualificacións máxima e mínima, e calcularase a puntuación media entre as cualificacións restantes. No caso de empate entre cualificacións máximas ou mínimas, unicamente será excluída unha delas.

7.6. A Comisión de Selección publicará no taboleiro de anuncios do centro educativo a puntuación provisional das persoas candidatas á dirección. Contra esta puntuación poderá presentarse reclamación ante a propia Comisión no prazo de cinco días hábiles computados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

7.7. Cada persoa membro da Comisión elaborará un sucinto informe xustificativo da súa cualificación do proxecto de dirección.





**Artigo 8. Selección das candidaturas**

8.1. Transcorrido o prazo de reclamacións e, se é o caso, resoltas estas, a Comisión de Selección establecerá a puntuación final obtida polo persoal aspirante e seleccionará a persoa candidata que propondrá como directora ou director do centro, para o seu nomeamento pola xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

8.2. Para poder ser seleccionada e nomeada para a dirección é necesario obter polo menos seis puntos no proxecto de dirección.

8.3. A selección realizarase considerando primeiro as candidaturas do profesorado do centro, que terán preferencia. En ausencia de candidaturas do centro ou cando estas non superasen a puntuación mínima no proxecto de dirección, a Comisión valorará as candidaturas do profesorado doutros centros.

8.4. No caso de se produciren empates na puntuación total das persoas aspirantes, estes dirimiranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación no proxecto de dirección.
- b) Maior puntuación na epígrafe 2 do baremo.
- c) Maior puntuación na epígrafe 1 do baremo.

8.5. Se unha persoa candidata resulta seleccionada para dous centros, nomearase no centro en que teña destino definitivo. De non ter destino definitivo en ningún dos centros, será nomeada no centro polo que opte, e procederase a seleccionar e nomear no centro non elixido outra persoa aspirante que reúna os requisitos con maior puntuación.

**Artigo 9. Recursos**

Contra a decisión da Comisión de Selección, que resolve definitivamente o concurso de méritos de selección e nomeamento da dirección do centro, cabe recurso de alzada, no prazo dun mes, ante a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.



**Artigo 10. Nomeamento**

10.1. A Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade nomeará directora ou director a persoa proposta pola Comisión Avaliadora.

10.2. Os nomeamentos das direccións realizaranse con efectividade do 1 de xullo de 2021 e por unha duración de catro anos, prorrogables de acordo co previsto no artigo 136 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, segundo a redacción dada pola Lei 3/2020, do 29 de decembro.

10.3. Cando o nomeamento recaia nunha persoa funcionaria que non teña destino definitivo no centro, a dirección desempeñárase en réxime de Comisión de Servizos.

**Artigo 11. Nomeamento con carácter extraordinario**

Nos supostos de ausencia de persoas candidatas, ou cando a comisión correspondente non seleccione ningunha persoa candidata, ou nos centros de nova creación, a dirección será nomeada pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, oído o consello escolar, por un período de dous anos, entre o profesorado que reúna os requisitos establecidos no artigo 2 desta orde, agás as epígrafes e) e f).

**Disposición adicional primeira. Impugnación da orde**

Esta orde poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo de Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2022

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade



## ANEXO I

### Centros con praza vacante de dirección para o curso 2022/23

Código	Centro	Concello	Provincia
15033228	CEIP Novo Mesoiro	A Coruña	A Coruña
15005701	CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma	A Coruña	A Coruña
15025256	CEIP Alfredo Brañas	A Laracha	A Coruña
15025074	CEIP O Marbán	As Somozas	A Coruña
15001616	CEIP Escarbote	Boiro	A Coruña
15025554	CEIP Emilio González López	Cambre	A Coruña
15002852	CEIP do Pindo	Carnota	A Coruña
15021809	CEIP Sofía Casanova	Culleredo	A Coruña
15021858	CEIP Almirante Juan de Lángara	Ferrol	A Coruña
15007621	CEIP Plurilingüe Cabo da Area	Laxe	A Coruña
15023740	CEIP A Solaina	Narón	A Coruña
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	A Coruña
15022577	CEIP de Maciñeira	Neda	A Coruña
15010681	CEIP Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadarso	Noia	A Coruña
15011336	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Ordes	A Coruña
15011105	CEIP de Mesón do Vento	Ordes	A Coruña
15013503	CEIP Couceiro Freijomil	Pontedeume	A Coruña
15013761	CEIP Plurilingüe de Campanario	Porto do Son	A Coruña
15014180	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Rianxo	A Coruña
15014261	CEIP Heroínas de Sálvora	Ribeira	A Coruña
15014271	CEIP Plurilingüe de Artes	Ribeira	A Coruña
15015676	CEIP de Prácticas López Ferreiro	Santiago de Compostela	A Coruña
15023417	CEIP Pilar Maestu Sierra	Santiago de Compostela	A Coruña
15025724	CEIP Plurilingüe Os Tilos	Teo	A Coruña
15020921	CEIP de Présaras	Vilasantar	A Coruña
15032571	CRA Boqueixón-Vedra Neira Vilas	Boqueixón	A Coruña
15032509	CRA de Oroso	Oroso	A Coruña
15001744	EEl dos Ánxeles	Brión	A Coruña
15020854	CPI de Xanceda	Mesía	A Coruña
15014957	CPI de San Sadurniño	San Sadurniño	A Coruña



Código	Centro	Concello	Provincia
15020994	CPI de Viaño Pequeno	Trazo	A Coruña
15020911	CPI Plurilingüe de Vedra	Vedra	A Coruña
15005506	EASD Pablo Picasso	A Coruña	A Coruña
15026546	EOI de Ferrol	Ferrol	A Coruña
15027770	IES A Sardiñeira	A Coruña	A Coruña
15025611	IES Monte das Moas	A Coruña	A Coruña
15001148	IES As Mariñas	Betanzos	A Coruña
15027851	IES Plurilingüe A Cachada	Boiro	A Coruña
15027861	IES Plurilingüe Pedra da Aguia	Camariñas	A Coruña
15026704	IES David Buján	Cambre	A Coruña
15027885	IES Lamas de Castelo	Carnota	A Coruña
15006730	IES Sofía Casanova	Ferrol	A Coruña
15008301	IES Urbano Lugrís	Malpica de Bergantiños	A Coruña
15026391	IES Xulián Magariños	Negreira	A Coruña
15020556	IES Breamo	Pontedeume	A Coruña
15027691	IES de Porto do Son	Porto do Son	A Coruña
15032662	IES O Mosteirón	Sada	A Coruña
15026418	IES Terra de Soneira	Vimianzo	A Coruña
27014057	CEE Santa María	Lugo	Lugo
27010325	CEIP Plurilingüe da Pontenova	A Pontenova	Lugo
27000198	CEIP Plurilingüe de Antas de Ulla	Antas de Ulla	Lugo
27000319	CEIP Plurilingüe Concepción López Rey	Baleira	Lugo
27016388	CEIP Plurilingüe de Muimenta	Cospito	Lugo
27014665	CEIP Luís Pimentel	Lugo	Lugo
27006401	CEIP Sagrado Corazón	Lugo	Lugo
27011032	CEIP de San Clodio	Ribas de Sil	Lugo
27013387	CEIP de Celeiro	Viveiro	Lugo
27014082	EEI Xela Arias	Sarria	Lugo
27020707	CDAN Conservatorio Profesional de Danza	Lugo	Lugo
27007958	CPI Luís Díaz Moreno	Baralla	Lugo
27004635	CPI Dr. López Suárez	Friol	Lugo
27014008	CPI Plurilingüe Tino Grandío	Guntín	Lugo
27012504	CPI San Tomé do Carballo	Taboada	Lugo



Código	Centro	Concello	Provincia
27020690	EOI de Ribadeo	Ribadeo	Lugo
27016509	IES Marqués de Sargadelos	Cervo	Lugo
27016200	IES Poeta Díaz Castro	Guitiriz	Lugo
32015891	CEIP San Salvador	Arnoia	Ourense
32016789	CEIP Filomena Dato	Barbadás	Ourense
32011305	CEIP Plurilingüe Ribadavia	Ribadavia	Ourense
32004830	CEIP Carlos Casares	Xinzo de Limia	Ourense
32009360	CPI Plurilingüe José García García	Ourense	Ourense
32015037	IES Manuel Chamoso Lamas	O Carballiño	Ourense
36014945	CEIP de Valeixe	A Cañiza	Pontevedra
36018963	CEIP Plurilingüe de Belesar	Baiona	Pontevedra
36016103	CEIP de Corvillón	Cambados	Pontevedra
36015950	CEIP Plurilingüe da Espiñeira-Aldán	Cangas	Pontevedra
36004711	CEIP Plurilingüe Domaio	Moaña	Pontevedra
36016619	CEIP de Atín-Cela	Mos	Pontevedra
36006377	CEIP Álvarez Limeses	Pontevedra	Pontevedra
36019608	CEIP de Marcón	Pontevedra	Pontevedra
36006407	CEIP Plurilingüe Froebel	Pontevedra	Pontevedra
36006134	CEIP Plurilingüe San Benito de Lérez	Pontevedra	Pontevedra
36008866	CEIP Plurilingüe A Florida	Sanxenxo	Pontevedra
36009411	CEIP Pintor Antonio Fernández	Tomíño	Pontevedra
36015020	CEIP de Randufe	Tui	Pontevedra
36014775	CEIP Plurilingüe de Guillarei	Tui	Pontevedra
36009846	CEIP Plurilingüe nº 1	Tui	Pontevedra
36010137	CEIP da Igrexa-Candeán	Vigo	Pontevedra
36010459	CEIP Josefa Alonso de Alonso	Vigo	Pontevedra
36015251	CEIP Plurilingüe Frián-Teis	Vigo	Pontevedra
36010101	CEIP Plurilingüe O Sello	Vigo	Pontevedra
36010423	CEIP Valle-Inclán	Vigo	Pontevedra
36019451	CEIP A Escardia	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
36013023	CEIP de San Roque	Vilanova de Arousa	Pontevedra
36000302	CEP de Sabarís	Baiona	Pontevedra
36000478	CEP Antonio Magariños Pastoriza	Cambados	Pontevedra



Código	Centro	Concello	Provincia
36004496	CEP de Sequelo-Marín	Marín	Pontevedra
36024938	CRA de Caldas de Reis	Caldas de Reis	Pontevedra
36024604	CRA de Meis	Meis	Pontevedra
36024495	CRA de Vilaboa Consuelo González Martínez	Vilaboa	Pontevedra
36014994	EEI Concepción Crespo Rivas	Pontevedra	Pontevedra
36015044	EEI Monte do Alba	Vigo	Pontevedra
36015071	EEI Vagalume	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
36015111	CPI Aurelio Marcelino Rey García	Cuntis	Pontevedra
36004927	CPI de Mondariz	Mondariz	Pontevedra
36006079	CPI Curros Enríquez	Pazos de Borbén	Pontevedra
36007813	CPI Julia Becerra Malvar	Ribadumia	Pontevedra
36008155	CPI Plurilingüe de Rodeiro	Roderio	Pontevedra
36019475	IES de Rodeira	Cangas	Pontevedra
36007011	IES Pino Manso	O Porriño	Pontevedra
36006730	IES Frei Martín Sarmiento	Pontevedra	Pontevedra
36006729	IES Valle-Inclán	Pontevedra	Pontevedra
36019566	IES de Chapela	Redondela	Pontevedra
36020337	IES de Salvaterra de Miño	Salvaterra de Miño	Pontevedra
36018173	IES de Teis	Vigo	Pontevedra
36019670	IES do Castro	Vigo	Pontevedra
36011580	IES San Tomé do Freixeiro	Vigo	Pontevedra

**ANEXO II**

Méritos	Puntos	Documentación xustificativa
1. Antigüidade (máximo 5 puntos). Baremación de oficio desta epígrafe, agás no caso de non ter actualizado o seu expediente persoal, caso en que deberá achegar a documentación xustificativa que se indica.		
1.1. Por cada ano de servizos como persoal funcionario que superen os cinco exixidos como requisitos:	0,50	Certificación ou folia de servizos expedida pola xefatura territorial correspondente ou copia simple do título administrativo coas dilixencias das distintas tomas de posesión e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como persoal funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.



Méritos	Puntos	Documentación xustificativa
1.2. Por cada ano de servizos como persoal funcionario noutros corpos ou escalas docentes que impartan algunha das ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:	0,25	Certificación ou folia de servizos expedida pola xefatura territorial correspondente ou copia simple do título administrativo coas dilixencias das distintas tomas de posesión e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como persoal funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
2. Desempeño da dirección de centros públicos e outros cargos directivos e de postos na Administración educativa (máximo 5 puntos). Baremación de oficio desta epígrafe agás no caso de non ter actualizado o seu expediente persoal, caso en que deberá achegar a documentación xustificativa que se indica.		
2.1. Por cada ano como persoa titular da dirección dun centro que impartise algunha das ensinanzas do centro a que se opta:	1	Copia simple do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.
2.2. Por cada ano como persoa titular da dirección dun centro que non impartise algunha das ensinanzas do centro ao que se opta:	0,50	Copia simple do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.
2.3. Por cada ano como persoa titular da subdirección ou xefatura de servizo en postos da Administración educativa:	0,50	Copia simple do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.
2.4. Por cada ano como persoa titular da vicedirección, subdirección, secretaría ou xefatura de estudos dun centro que impartise algunha das ensinanzas do centro a que se opta:	0,50	Copia simple do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.
2.5. Por cada ano como persoa titular da vicedirección, subdirección, secretaría ou xefatura de estudos dun centro que non impartise algunha das ensinanzas do centro a que se opta:	0,25	Copia simple do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.
2.6. Por cada ano como persoa titular da xefatura de departamento, coordinación dos equipos de normalización lingüística, coordinación de ciclo, coordinación do proxecto Abalar, coordinación de centro plurilingüe, coordinación de sección bilingüe, coordinación de auxiliares de conversa, responsable/coordinación do equipo de actividades complementarias e extraescolares, responsable/coordinación da dinamización das TIC, responsable/coordinación de biblioteca, responsable/coordinación da convivencia escolar, responsable da mellora da calidade educativa e de programas internacionais, coordinación do equipo de dinamización da lingua galega, coordinación de formación en centros de traballo, coordinación do bacharelato internacional, coordinación de emprendemento, coordinación de programas internacionais, coordinación de innovación e formación do profesorado, coordinación de biblioteca de centro integrado, coordinación de residencia, xefatura de seminario, departamento ou división de centros públicos docentes, asesoría de formación permanente, asesoría Abalar, asesoría Siega, dun centro que impartise algunha das ensinanzas do centro a que se opta:	0,15	Copia simple do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e de posesión e cesamento.
3. Méritos académicos: máximo 1 punto. Baremación de oficio desta epígrafe, agás no caso de non ter actualizado o seu expediente persoal, caso en que deberá achegar a documentación xustificativa que se indica.		
3.1. Por cada título de doutoramento:	0,50	Copia simple do título ou certificación do pagamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).





Méritos	Puntos	Documentación xustificativa
3.2. Por cada título de licenciatura, enxeñaría ou arquitectura distinto do alegado para ingreso no corpo, ou polo certificado-diploma de estudos avanzados:	0,30	Copia simple do título ou certificación do pagamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).
3.3. Por cada título de grao distinto do alegado para ingreso no corpo:	0,25	Copia simple do título ou certificación do pagamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).
3.4. Por cada título de diplomatura universitaria ou equivalente distinto do alegado para ingreso no corpo:	0,15	Copia simple do título ou certificación do pagamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).
4. Cursos de formación: máximo 3 puntos. Baremación de oficio desta epígrafe, agás no caso de non ter actualizado o seu expediente persoal, caso en que deberá achegar a documentación xustificativa que se indica. Por cursos de formación relacionados coa función directiva organizados polas administracións educativas que se atopan en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologados ou recoñecidos polas administracións citadas con anterioridade, así como os organizados polas universidades: 0,05 puntos por cada 10 horas.		
4.1. Por actividades e cursos recibidos:	Ata 2	Certificado deles en que conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación.
4.2. Por cursos impartidos:	Ata 1	Certificado deles en que conste de modo expreso o número de horas de impartición no curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación.
5. Corpo de catedráticos. Baremación de oficio desta epígrafe.		
Por pertencer a un dos corpos de catedráticos regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:	0,50	Baremación de oficio deste mérito.
6. Proxecto de dirección.		
Polo proxecto de dirección:	Ata 12	Orixinal deste.

Disposición complementaria única.

No número 1.1 do baremo a fracción de mes computarase por 0,041 puntos.

No número 1.2 do baremo a fracción de mes computarase por 0,020 puntos.

No número 2.1 do baremo a fracción de mes computarase por 0,083 puntos.

Nos números 2.2, 2.3 e 2.4 do baremo a fracción de mes computarase por 0,041 puntos.

No número 2.5 do baremo a fracción de mes computarase por 0,020 puntos.

No número 2.6 do baremo a fracción de mes computarase por 0,012 puntos.





**ANEXO III**

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE MÉRITOS PARA A ELECCIÓN E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS QUE IMPARTEN AS ENSEÑANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN**

DNI: \_\_\_\_\_ APELIDOS E NOME: \_\_\_\_\_

DATOS DE IDENTIFICACIÓN			
Corpo:	_____	DNI:	_____
Nome:	_____		
Primeiro apelido:	_____		
Segundo apelido:	_____		
Ano da convocatoria do proceso selectivo polo que se ingresou no corpo	_____	Puntuación obtida:	_____

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			
Rúa e número:	_____	Código postal:	_____
Localidade:	_____	Teléfono:	_____
Correo electrónico:	_____	Teléfono móbil:	_____

DECLARACIÓN RESPONSABLE	
<p>A persoa solicitante ou representante <b>DECLARA</b>:</p> <p>1. Que son certos todos os datos contidos na solicitude e na documentación achegada.</p> <p>2. Que a documentación achegada é copia fiel dos orixinais que constan no seu poder.</p>	

DATOS DE DESTINO	
Marque cun X o tipo de destino que proceda	<input type="checkbox"/> Destino definitivo nos cursos 2020/21 e 2021/22
	<input type="checkbox"/> Destino provisional no curso 2021/22
	<input type="checkbox"/> Ningunha das situacións anteriores, último destino definitivo
Centro:	_____
Localidade:	_____
Provincia:	_____
Praza ou posto desde o que participa:	_____

CENTRO DOCENTE QUE SOLICITA		
Código	Centro	Concello
_____	_____	_____

.....de..... de 2022

Sinatura da persoa interesada

Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Xefatura Territorial de .....

